



Expediente electrónico: 2024/C004/000004

Servizo/s: Actividades deportivas do Concello de Santa Comba para o curso 2024/2025

Asunto: informe insuficiencia de medios persoais e materiais en contratos de servizos

## **INFORME INSUFICIENCIA DE MEDIOS EN CONTRATOS DE SERVICIOS**

En base ao disposto no artigo 116.4.f da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, cando sexa necesario celebrar un contrato de servizos, previamente deberase xustificar adecuadamente no expediente a insuficiencia de medios.

### **INFORMO**

#### **1 Insuficiencia de medios persoais:**

- Que, este concello non conta con persoal técnico para atender as necesidades e funcións que require este servizo.
- Que, se trata de funcións específicas e concretas, non habituais, que só se poden prestar por unha empresa de servizos, debido á dificultade e especialización das tarefas a realizar e ante a imposibilidade de prestarse por persoal municipal.
- Que, ademais o volume de traballo que estes servizos requiren non pode ser desenvolto polo persoal do departamento municipal nesta materia sen que se diminúa ou mingüe a calidade, o valor e a importancia do servizo municipal. Tamén ocorrerá coas funcións propias do persoal.
- Que, no cadro de persoal non consta a praza correspondente de persoal municipal para atender as funcións que require o servizo.
- Que, o volume de traballo que este servizo require non se pode acometer polo persoal municipal e non é conveniente a súa ampliación. Non sería viable acudir á contratación de persoal laboral temporal para o cumprimento deste servizo.
- Non se considera este servizo como esencial ou mínimos que xustifiquen a contratación laboral para a execución deste servizo polo que é recomendable a externalización deste servizo.

#### **2 Insuficiencia de medios materiais:**

- Que, non se dispón dos medios materiais necesarios para a prestación do servizo ao tratarse de prestacións específicas e concretas.
- Que, non se dispón das ferramentas informáticas de traballo necesarias para a consecución da necesidade obxecto do contrato.
- Que, non se dispón do soporte técnico e tecnolóxico axeitado.
- Que, non se vai a poder facer fronte ás especificacións técnicas de mantemento durante o exercicio da prestación

Santa Comba, na data da sinatura dixital

O alcalde

Alberto Romar Landeira

(Documento que se asina electronicamente)